



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A LARACHA

*Anuncio aprobación padrón municipal abastecemento e distribución de auga 1º período 2024*

#### ANUNCIO APROBACIÓN PADRÓN MUNICIPAL

##### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

A empresa concesionaria do servizo elaborou os padróns da taxa de abastecemento e distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche, da taxa de saneamento e depuración de augas residuais, así como o importe correspondente á facturación do canon da auga da Xunta de Galicia, correspondentes ao 1º período do 2024 (datas de lectura do 08 e o 21 de novembro de 2023 ata o 07 e 20 de febreiro de 2024), remitíndoos ao concello.

O tesoureiro do concello emitiu informe relativo aos mesmos no día de hoxe.

En uso das atribucións conferidas polo artigo 102.3 Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria e do artigo 21.1 f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o padrón da taxa polos servizos de abastecemento e distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche correspondente ao 1º período de 2024 (datas de lectura do 08 e o 21 de novembro de 2023 ata o 07 e 20 de febreiro de 2024) e por un total de 57.824,26 € co desglose que se indica a continuación:

SubTotal Auga	54.192,44
Total conservación	1.815,91
Total acometidas	1.815,91
Total Auga	57.824,26

**SEGUNDO.-** Aprobar o padrón da taxa polos servizos de saneamento e depuración de augas residuais correspondente ao 1º período de 2024 (datas de lectura do 08 e o 21 de novembro de 2023 ata o 07 e 20 de febreiro de 2024) por un total de 111.422,64 € (incluído canon da Auga da Xunta de Galicia) e co seguinte desglose:

Total sumidoiros	41.743,72
Canon Saneamento	27.935,20
Total depuración	41.743,72
Total	111.422,64

**TERCEIRO.-** Comunicar, aos efectos do artigo 63.8 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, e do artigo 49.7 do Decreto 136/2012, que a facturación pola empresa concesionaria do servizo do canon da auga da Xunta de Galicia correspondente ao 1º período de 2024 foi de 27.935,20 euros.

**CUARTO.-** Expoñer ao público os padróns aprobados, mediante a publicación de edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios da corporación, por un prazo de 15 días dende a publicación. Esta exposición actúa como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

**QUINTO.-** Contra as liquidacións das taxas municipais incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde- Presidente, como establece o artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e regulado no artigo 14.2 do R.D. legislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edicto no BOP. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo competente, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución expresa ou de 6 meses dende que se produza a desestimación presunta.

**SEXTO.-** O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses contados a partir do día seguinte ó da finalización da exposición pública. Transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargos de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.

**SÉTIMO.-** Polo que respecta ao canon da auga da Xunta de Galicia, a falta de pagamento do mesmo no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico- administrativa ante o órgano económico- administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende o día seguinte á publicación do presente acordo no BOP.

A Laracha, 06 de marzo de 2024.

O alcalde

José Manuel López Varela.

2024/1580